

## 1. RETO

O reto para o vindeiro martes 28 de abril é inundar as redes sociais co *hashtag* [#DEFC2020](#) [#DEFR2020](#), co obxectivo de ser tendencia en todas as redes sociais: Twitter, Facebook, Instagram, Tik Tok... IMPORTANTE! Os vídeos, imaxes, etc., pódense preparar en calquera momento, pero debemos tentar subilos ao longo da mañá do 28 de abril para que o algoritmo das redes sociais coloque como destacado o [#DEFC2020](#) [#DEFR2020](#) ao detectar que hai moitas persoas á vez comentando o mesmo. Propoñémosvos a toda a comunidade educativa do IES de Chapela que participe nesta proposta da maneira que máis lle apeteza!! Pódese participar colgando directamente **vídeos nas redes, ou enviando fotos ata o venres día 24 de abril ao correo [efchapelaencasa2020@gmail.com](mailto:efchapelaencasa2020@gmail.com)** para facer un mosaico de fotos. Se subides **vídeos**, facelo da seguinte forma:

1. Identificádevos.
2. Identificade ao IES de Chapela.
3. Explicade a que contido se refire o vídeo que ides facer.
4. Dicit unha ou dúas palabras sobre o que vos achega a EF.
5. No texto da publicación incluír o IES Chapela, a/o docente de EF, e o *hashtag* [#DEFC2020](#) [#DEFR2020](#).

## 2. CLASES EF

O día 28/4 haberá unha sesión especial de Educación Física para cada etapa (Primaria, Secundaria e Bacharelato), que estará conducida por docentes que farán un percorrido por varios contidos curriculares, de forma dinámica e lúdica, ás que se poida sumar toda a familia. Os centros adheridos recibirán antes do vindeiro martes estas sesións para que poidan ver o seu contido, e logo se publicarán en aberto o mesmo día do [#DEFC2020](#) [#DEFR2020](#), o 28 de abril, a través de [YouTube Consejo COLEF](#), ás seguintes horas, para que se poida ofrecer a opción ao alumnado de seguilas:

- Primaria, ás 10:00 h
- Secundaria, ás 11:00 h
- Bacharelato, a las 12:00 h

## 3. RECURSOS

Está a disposición o espazo '[Recursos docentes EF #YoMeNuevoEnCasa](#)' para que poidades consultar actividades de Educación Física creativas, innovadoras e motivadoras tamén durante o confinamento. **ANIMÁDEVOS!!**